

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA CUBRIR, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UN POSTO DE TÉCNICO/A DE SISTEMAS PARA SUBSTITUCIÓN DE UN TRABALLADOR EN EXCEDENCIA CON DEREITO A RESERVA

**REFERENCIA: TSIS-25-INT - 2025-02
6090011**

i. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por finalidade a cobertura, con carácter temporal, do posto de traballo descrito no Anexo 2 deste documento, no ámbito da Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)

ii. RÉXIME XURÍDICO DA CONTRATACIÓN

Contrato de traballo de duración determinada por substitución dunha persoa traballadora con dereito á reserva do posto de traballo, regulado polo disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como pola Lei 12/2001, do 9 de xullo, e polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro.

iii. DURACIÓN

O contrato de substitución formalizarase polo tempo que se estenda a situación de excedencia por coidado de fillo menor da persoa titular do posto con dereito á reserva. A súa vixencia finalizará no momento en que se produza a reincorporación efectiva da devandita persoa, sen prexuízo das limitacións temporais establecidas no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, conforme á redacción vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro.

iv. REQUISITOS

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:
 - Ter nacionalidade española, nacionalidade de estado membro da Unión Europea, ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública. Poderán concorrer igualmente estranxeiros non comunitarios, vinculando a formalización do contrato á obtención do permiso de traballo, de acordo co disposto na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.
 - Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - Quen non estando incluídos nos parágrafos anteriores atópanse residindo en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. Igualmente, poderán tomar parte nas devanditas convocatorias aquelas persoas físicas que, en cada momento, establézase para poder celebrar contratos laborais coas entidades públicas.



- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Cumprir as condicións académicas ou de titulación requiridas en cada posto. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).
- Coñecemento da lingua galega acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.
- Coñecemento de inglés. O nivel de coñecemento do inglés requirido é o que figura no Anexo 2.a. O nivel acreditarase mediante o certificado correspondente ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference). Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Non ser separada nin despedida, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ser sometida a sanción disciplinaria que impida o acceso ao emprego público no seu Estado.
- Requisitos particulares: os indicados en cada convocatoria.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da formalización dos correspondentes contratos.

v. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR OBRIGATORIAMENTE

- a) Solicitud asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo I, indicando a referencia do posto.
- b) Currículum vitae (CV), que permita comprobar do modo máis sinxelo posible o cumprimento dos requisitos esixidos para o posto e os méritos aportados polo candidato, que serán acreditados segundo se indica no Anexo 2.a en caso de que resulte seleccionado.
- c) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo 2.a, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- d) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas no apartado 4 das presentes bases.
- e) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo 2.a.
- f) Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A na proba de



galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente no CESGA, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto/a ou non apto/a.

- g) Fotocopia simple da xustificación do coñecemento de inglés no nivel requirido. No caso de ter obtida unha cualificación de APTO nunha proba do mesmo nivel ou superior nunha convocatoria anterior de praza do CESGA, so será necesario indicalo na solicitude, no modelo 1, indicando a referencia da praza anterior. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- h) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo 2.a da Fase de Valoración curricular. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.
- i) Modelo para a valoración de méritos segundo as instrucións do anexo 2.b

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo 2.a, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas no apartado 4 das presentes bases.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.
- Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (Common European Framework), ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

vi. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Director do CESGA, presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, www.sede.xunta.gal, utilizando o Modelo de solicitude que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA [www.cesga.es]. En devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contando a partir do día seguinte ao da publicación desta na web do CESGA.

Todas as notificacións do órgano de contratación practicaranse a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal – dispoñible a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).



A sede electrónica considerárase como a única válida aos efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

As persoas estranxeiras que por non dispor de Número de Identificación de Estranxeiro (NIE), non poidan obter o certificado dixital da FNMT estarán exceptuadas neste procedemento da obrigação de relacionarse electronicamente co CESGA. Por tanto, poderán presentar a súa solicitude e a documentación que, no seu caso, acompañe a esta, presencialmente na Secretaría da Fundación ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentación por correo postal, se presentarán ou se remitirán por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que apareza no Anexo 2.a destas bases. Tamén deberá achegarse por correo electrónico a emprego@cesga.gal copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

No caso de persoas estranxeiras tamén se admitirá a presentación por correo electrónico á dirección emprego@cesga.gal. Neste caso, toda a documentación terá que vir achegada en formato PDF e só consideraranse válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. Deberá indicarse no asunto da mensaxe a referencia do posto que apareza en Anexo 2.a destas bases.

En todos estes casos a dirección que figure nas solicitudes considerárase como a única válida aos efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

No caso de que o último día de presentación de solicitudes fose sábado ou festivo, o prazo entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil. As datas de fin de prazo estarán sempre referidas ata as 14:00 horas.

As persoas solicitantes deberán obrigatoriamente enviar o Modelo de Solicitude, incluído no anexo I da presentes bases, que incorpora o modelo asinado de datos persoais para cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo e de el Consello de 27 de abril de 2016 (GDPR), Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD, da Lei 3/2018 de 5 de decembro), así como a Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos para poder participar na convocatoria.

Ademais de dito modelo de solicitude, as persoas solicitantes deberán enviar obrigatoriamente a documentación indicada no apartado 5.

vii. PROCESO DE SELECCIÓN

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para o posto que figura no Anexo 2.a

O proceso de selección consistirá no seguinte:

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaránse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo 2.a para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable, e especificándose a data, hora e lugar para a realización da proba de galego e de inglés para os/as candidatos/as que non teñan acreditados estes requisitos, no caso de ser necesarios. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. A proba de inglés, dependendo do nivel solicitado no Anexo 2.a, consistirá:

A2: na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.

B1 e B2: redacción dun texto en inglés.

C1 e C2: realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.

A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faránse na páxina web da Fundación www.cesga.gal.

Tras realizar as probas de galego e inglés, se foran necesarias, publicaránse as listas definitivas de



admitidos/as e excluídos/as coa cualificación das probas de inglés e galego.

- A selección do candidato será efectuada polo procedemento de concurso de méritos, que constará de dúas fases: unha primeira fase de valoración de méritos alegados e outra segunda fase de entrevista persoal.
 1. A valoración dos méritos alegados polos aspirantes puntuarase de acordo co baremo establecido no Anexo 2.a. Finalizada esta primeira fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación (www.cesga.gal), a listaxe provisional da puntuación de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo 2.a, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
 2. Finalizadas as alegacións á valoración provisional dos méritos, publicarase a valoración definitiva designando aos candidatos que, superando a puntuación mínima da primeira fase, obteñan a mellor puntuación e deban pasar á seguinte Fase. Nesta publicación establecerase a data da entrevista.
 3. A Segunda fase consistirá na realización da entrevista persoal, cuxa puntuación máxima se especifica no Anexo 2.a. A realización da entrevista non superará os quince (15) minutos, terá unha valoración máxima que figura no Anexo 2.a para o posto e versará sobre:
 - 1) Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto.
 - 2) Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas.
 - 3) Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade.
 - 4) Outras consideradas relevantes para o posto

A entrevista realizarase de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do/a aspirante, grazas á comunicación directa que proporciona e ademais permitirá ao candidato presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e ter a oportunidade de resolver dúbidas respecto ao posto de traballo ao que está a aspirar.

- Finalizada esta segunda fase das entrevistas, a Comisión publicará na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (valoración de méritos e a entrevista), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo 2.a, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
- Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, o resultado da selección.

De producirse empate na puntuación, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta.

De persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase dos méritos enumerados no anexo 2.a pola orde establecida no mesmo e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 21 de xaneiro de 2025 (DOG num.16 de 24 de xaneiro de 2025) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

viii. COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo 2.a para o posto.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa



comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección serán persoal fixo e estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estaráse ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

ix. RESULTADO DA SELECCIÓN

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), o resultado da selección co nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas que realizaron a entrevista e que non resultasen beneficiarias do posto. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberá achegar a persoa seleccionada para formalizar o contrato.

A contratación da persoa estará condicionada á autorización preceptiva da Xunta de Galicia.

O tipo de contrato será laboral temporal para substitución de persoa traballadora, para cubrir temporalmente o posto durante a excedencia e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Director-Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 3 de marzo de 2022 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José Manuel Amigo Vázquez e co número de protocolo 680.

Santiago de Compostela (data da sinatura dixital)

O director xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira

